



**Expediente núm.:** 1208/2024

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia

**Obra/servizo subvencionado:** Proxecto técnico para actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente nas beiras do río Loña

**Categoría profesional:** Peón forestal

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

### ANTECEDENTES

1. Tramitouse o correspondente expediente para a Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de catro (4) peóns forestais para a obra/servizo "Proxecto técnico para actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente nas beiras do río Loña", subvencionado pola Xunta de Galicia por un importe total de 14.725,12 €, ao abeiro da ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D) (DOG núm. 17 do mércores 24 de xaneiro de 2024).
2. Con data 04 de xullo de 2024 o Tribunal Cualificador estende acta que eleva ao órgano competente coa proposta de nomeamento para a contratación como persoal laboral temporal de catro (4) peóns forestais para a obra/servizo "Proxecto técnico para actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente nas beiras do río Loña", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.
3. Con data 04 de xullo de 2024, o Departamento de persoal deste Concello, procede ó chamamento das catro (4) persoas que integran a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

### RESOLVO

**Primeiro.-** Contratar aos/as seguintes aspirantes propostos polo Tribunal cualificador para o posto de traballo de "peón forestal":

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)  
Dado en Ourense, a 04/07/2024.  
Firma: 1c44aebb1f8c96d46747c9daa51c2e7e  
HASH: 1c44aebb1f8c96d46747c9daa51c2e7e



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)  
Dado en Ourense, a 04/07/2024.  
Firma: e628107c0907e6b632a9f9a221f59f2  
HASH: e628107c0907e6b632a9f9a221f59f2



RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2024-0580 Data: 04/07/2024

Cod. Validación: 3AF5FAXQWN36GREJNRXDGPJKP  
Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3





	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	González Quintela, Manuel	****7892*	7,00
2	Mira Fernández, José	****9171*	7,00
3	Carballo Ocampo Francisco	****7443*	6,00
4	Arias Vázquez, Anxo	****2395*	5,00

**Segundo.-** Contratar aos/as anteditos/as aspirantes para o período comprendido entre o 08 de xullo de 2024 e o 28 de outubro de 2024, para a obra / servizo “Proxecto técnico para actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente nas beiras do río Loña”, subvencionado pola Xunta de Galicia por un importe total de 14.725,12 €, na categoría profesional de “peón forestal”, cos seguintes custos salariais:

PERSONAL FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL	GRUPO PROFESIONAL	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)	CNAE 2009 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG. SOCIAL MENSUAL	CUSTO BRUTO MENSUAL	DURACIÓN DO CONTRATO (en meses)	CUSTO BRUTO TOTAL (por traballador/a)	INDEMNIZACIÓN POR FINALIZACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL	Nº DE TRABALLADORES	CUSTO BRUTO TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL ANO 2024
Peón forestal	V	100,00%	1.437,98	8411 D	38,38%	551,90	1.989,88	3,70	7.362,56	174,08	4	30.146,56
TOTAIS			1.437,98 €			551,90 €	1.989,88 €		7.362,56 €	174,08 €	4	30.146,56 €

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

**Terceiro.-** Formalizar os contratos de traballo subvencionados pola Xunta de Galicia, na modalidade de contrato de traballo temporal coa cláusula específica de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego, segundo a disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego pola que “As Administracións públicas e, no seu caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego previstos nesta lei coas persoas participantes nos devanditos programas.

*A duración destes contratos non poderá exceder de doce meses e, no caso da contratación realizada por Administracións públicas, os procesos de selección deberán observar os principios de igualdade, mérito e capacidade.”*

**Cuarto.-** Contratar ós/ás traballadores/as en réxime de dedicación a tempo completo cunha duración de 3 meses e 21 días.

**Quinto.-** Dar conta da presente Resolución ós/ás interesado/as para os efectos oportunos.

**Sexto.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Sétimo.-** Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

**Oitavo.-** Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar





[<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

**Noveno.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercer calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

**RESOLUCIONS DE ALCALDIA**  
Número: 2024-0580 Data: 04/07/2024

Cod. Validación: 3AF5FAXQWVNS6GFEJNRXDGPJIKP  
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

